

SUBGRUPO C2-TEMA 5-TRANSPARENCIA-GALEGO

TEMA 5- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

1. En base ao artigo 1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, enténdese por actividade pública:
 - a) Unicamente a desenvolvida polo sector público autonómico.
 - b) Unicamente a desenvolvida pola Administración xeral de Galicia.
 - c) A desenvolvida cun financiamento público.

2. Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, entre os seus principios reitores atópase:
 - a) Principio de accesibilidade universal da información pública, principio de responsabilidade patrimonial e principio de reutilización da información.
 - b) Principio de accesibilidade universal da información pública e principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística.
 - c) Principio de accesibilidade universal da información pública, principio de responsabilidade e principio de utilización lexítima da información.

3. De conformidade co establecido no artigo 3.3 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as disposicións deste título serán de aplicación:
 - a) A calquera entidade privada que reciba ou xestione fondos públicos.
 - b) Á Administración pública, excluídas as entidades privadas.
 - c) A calquera Administración pública ou entidade privada.

4. En base ao artigo 3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as disposicións do título I, titulado "Transparencia da actividade pública", serán de aplicación:
 - a) Aos partidos políticos.
 - b) Ás organizacións sindicais.
 - c) Ao Parlamento de Galicia.

5. De conformidade co establecido no artigo 4.4 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a obrigaón para fornecer información:
 - a) Poderanse fixar multas coercitivas, en todo caso.
 - b) A lei prevé unha obrigaón de fornecer información, pero non a imposición de multas coercitivas.
 - c) Regulamentariamente determinarase o procedemento das multas coercitivas aplicables.

6. De acordo co artigo 5 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia fará público no Portal de transparencia un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación:
 - a) Mensualmente.
 - b) Semestralmente.
 - c) Anualmente.

SUBGRUPO C2-TEMA 5-TRANSPARENCIA-GALEGO

7. De conformidade co establecido no artigo 6.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a publicidade activa:

- a) Os suxeitos comprendidos nesta norma comprométense a publicar de forma periódica, actualizada e obxectiva toda a información relativa ao seu funcionamento.
- b) Os suxeitos comprendidos nesta norma comprométense a publicar, a iniciativa propia e de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e facilmente accesible, toda aquela información relevante relativa ao seu funcionamento.
- c) Os suxeitos comprendidos nesta norma teñen a obrigaón de publicar, a iniciativa propia e de forma periódica, actualizada e facilmente accesible, toda aquela información relativa ao seu funcionamento.

8. En base ao artigo 7 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, atendendo ás obrigaóns específicas de información institucional, organizativa e de planificación, publicaranse:

- a) Os códigos éticos ou de bo goberno aprobados, así como os estándares de boas prácticas e responsabilidade social que aplica.
- b) Os códigos éticos ou de bo goberno aprobados, sen especificar a responsabilidade que aplica.
- c) Os códigos éticos ou de bo goberno aprobados, así como os estándares de boas prácticas, cando así o esixa a normativa básica estatal.

9. En base ao artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, atendendo ás obrigas específicas de información de relevancia xurídica, publicaranse:

- a) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten os intereses da comunidade autónoma.
- b) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten as ofertas públicas de emprego e os procesos selectivos.
- c) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten a vixencia ou interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente.

10. En base ao artigo 10 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, atendendo ás obrigas específicas de información en materia de persoal, publicaranse:

- a) A relación de contratos de alta dirección, con indicación das retribucións anuais e as indemnizacións previstas ao final do contrato.
- b) A relación de contratos de alta dirección, sen que poidan indicarse as retribucións anuais e as indemnizacións previstas ao final do contrato.
- c) A relación de contratos de alta dirección, con indicación das retribucións anuais, sen incluír as indemnizacións previstas ao final do contrato.

11. De conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigaóns específicas de información de servizos públicos, facilitarase información sobre:

- a) O servizo público obxecto da concesión administrativa, o concesionario e a identificación da persoa responsable do contrato.
- b) O servizo público obxecto da concesión administrativa, a identificación do concesionario, a identificación da persoa responsable do contrato e o persoal adscrito á prestación do servizo.
- c) O servizo público obxecto da concesión administrativa, o concesionario e o persoal adscrito á prestación do servizo.

SUBGRUPO C2-TEMA 5-TRANSPARENCIA-GALEGO

12. De conformidade co establecido no artigo 21.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á reutilización da información do sector público autonómico:

- a) Promoverase a reutilización, con fins comerciais ou non comerciais.
- b) Promoverase a reutilización, con fins non comerciais.
- c) Non se reutilizará a información do sector público, salvo que o autorice unha norma con rango de lei.

13. De conformidade co establecido no artigo 22.2 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á reutilización da información do sector público autonómico:

- a) A Administración deberá de manter a produción dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por unha entidade pública ou privada.
- b) A Administración non deberá de manter a produción dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por unha entidade pública ou privada.
- c) A Administración deberá de manter a produción da información de acceso público para a súa reutilización por unha entidade pública ou privada.

14. De conformidade co establecido no artigo 24.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao acceso da información pública:

- a) Enténdese por información pública calquera documento que obre en poder da Administración e que fose elaborado por esta.
- b) Enténdese por información pública os contidos ou documentos que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados en exercicio das súas funcións.
- c) Enténdese por información pública calquera contido que obre en poder da Administración e que fose elaborado por esta.

15. De conformidade co establecido no artigo 25.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación co dereito de acceso á información pública:

- a) O dereito de acceso á información pública non poderá ser limitado ou denegado.
- b) O dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica.
- c) O dereito de acceso á información pública poderá ser denegado se se acorda polo órgano administrativo competente.

16. De conformidade co establecido no artigo 26.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciarase coa presentación da correspondente solicitude, que deberá dirixirse á persoa titular do órgano administrativo ou entidade que posúa a información.
- b) O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciarase coa entrada da correspondente solicitude no órgano administrativo ou entidade que posúa a información.
- c) O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciarase coa entrada da correspondente solicitude, para o que se empregará o modelo aprobado para iso.

SUBGRUPO C2-TEMA 5-TRANSPARENCIA-GALEGO

17. De conformidade co establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse canto antes e, como máis tarde, no prazo máximo de dous meses.
- b) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse canto antes e, como máis tarde, no prazo máximo de dous meses, prorrogable polo prazo dun mes.
- c) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse canto antes e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes.

18. De conformidade co establecido no artigo 28.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) Contra a resolución expresa ou presunta do Consello Galego de Relacións Laborais, en materia de acceso só poderá interpoñerse o recurso administrativo que corresponda.
- b) Contra a resolución expresa ou presunta do Consello Galego de Relacións Laborais, en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo ou un recurso contencioso-administrativo.
- c) Contra a resolución expresa ou presunta do Consello Galego de Relacións Laborais, en materia de acceso só poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo.